*Resolución do 1 de xuño de 2009, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o acceso e a admisión do alumnado aos estudos superiores de deseño para o curso 2009-2010.*

A Orde do 6 de marzo de 2008 pola que se regula o acceso e admisión ás ensinanzas superiores de deseño establece o proceso de admisión para quen non reúne os requisitos académicos establecidos con carácter xeral e para aquelas persoas que, reunindo os requisitos académicos, deben superar a proba específica definida na mesma orde, e autoriza a dirección xeral competente en materia de ensinanzas especiais, na súa disposición derradeira primeira, para ditar as instrucións necesarias para o desenvolvemento do previsto nesa orde.

O Real decreto 1496/1999, do 24 de setembro, establece os estudos superiores de deseño, a proba de acceso e os aspectos básicos do currículo deses estudos; e o Decreto 233/2005, do 14 de xullo, establece o currículo dos estudos superiores de deseño e regula o acceso a ditas ensinanzas para a súa aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia, dispoñendo no seu artigo 15 que a dirección xeral competente en materia de ensinanzas especiais realizará as convocatorias anuais das probas de acceso e das de madureza, que se desenvolverán nas escolas superiores de deseño.

Na súa virtude, esta dirección xeral

*RESOLVE:*

Convocar as probas de acceso aos estudos superiores de deseño para o curso 2009-2010, que se rexerán polas seguintes instruccións:

Primeiro.-*Acceso*.

1. Acceso mediante proba.

a) De acordo co establecido no artigo 57.2º da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, para o acceso aos estudos superiores de deseño requirirase estar en posesión do título de bacharel, ou titulación declarada equivalente, e superar a proba de acceso regulada no artigo 12.1º 1 do Decreto 233/2005, do 14 de xullo, na cal se valorará a madureza, os coñecementos e as aptitudes para cursar con aproveitamento estes estudos.

b) Poderán acceder a estes estudos as persoas maiores de dezanove anos que, sen posuír o título de bacharel nin outro declarado equivalente, superen a proba de madureza prevista no artigo 12.1º 2 do Decreto 233/2005, do 14 de xullo. As persoas que superen esta primeira proba deberán superar tamén unha proba específica.

2. Acceso directo.

Segundo o establecido no artigo 3 da Orde do 6 de marzo de 2008, poderán acceder directamente a estes estudos os que:

a) Estean en posesión dalgún dos títulos de técnico superior en artes plásticas e deseño, ou outros declarados equivalentes, segundo o establecido no artigo 2 do Real decreto 1033/1999, do 18 de xuño. Para estes aspirantes reservaranse oito prazas, tal e como establece a Orde do 6 de maio de 2008.

b) Estean en posesión de determinados títulos de técnico superior de formación profesional específica, ou equivalentes, que o ministerio competente en materia de educación estableza de acordo co previsto no artigo 8.2º do Real decreto 1496/1999, do 24 de setembro. Para estes aspirantes reservaranse tres prazas, tal e como establece a Orde do 6 de maio de 2008.

Segundo.-*Inscrición*.

1. A inscrición farase na secretaría dos centros públicos en que se impartan os correspondentes estudos superiores de deseño, no prazo comprendido entre o día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG ata o 31 de xullo, e do día 1 ao día 8 de setembro de 2009. Para tal fin, os centros deberán expor nos seus taboleiros de anuncios a seguinte información:

a) Normativa reguladora de admisión do alumnado.

b) Prazas que oferten nas distintas especialidades que teñan autorizadas.

c) Calendario de publicación da relación de alumnado admitido, así como dos prazos para presentar reclamacións.

d) Calendario e normas para formalizar a matrícula.

2. Para a formalización das solicitudes de admisión, os centros onde se impartan esas ensinanzas facilitaranlles ás persoas interesadas o modelo que se xunta como anexo I a esta resolución. Unha vez cuberto, entregarase unha única instancia na secretaría da escola a que solicita acceder en primeira opción, xunto coa documentación que proceda, segundo o caso, para a acreditación dos datos consignados:

-Fotocopia do DNI, NIE, pasaporte ou documento de identidade da Unión Europea.

-Título de bacharel ou certificación académica en que figure ter realizado o depósito do correspondente título, ou libro de cualificacións do bacharelato, se fose o caso.

-Certificado de estudos do ciclo formativo en que figuren as cualificacións das diferentes materias cursadas e ter realizado o depósito do correspondente título ou o libro de cualificacións do ciclo formativo, se é o caso.

-Certificado da proba de acceso aos estudos superiores de deseño, se é o caso.

3. A relación de persoas inscritas será exposta no taboleiro de anuncios da escola onde se realizara a inscrición o día 9 de setembro.

Terceiro.-*Desenvolvemento das probas*.

1. As probas para os estudos superiores de deseño serán elaboradas pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

de acordo co establecido na Orde do 6 de marzo de 2008, pola que se regula o acceso e admisión ás ensinanzas superiores de deseño, e de acordo co establecido nos anexos II e III desta resolución.

2. As probas de acceso realizaranse nos días e horas que se indican a continuación:

Proba de madureza: día 10 de setembro.

Comentario de texto: das 10.00 ás 11.00 horas.

Conferencia: das 11.00 ás 13.00 horas.

Proba específica: día 11 de setembro.

Primeira parte: das 10.00 ás 13.00 horas.

O alumnado seleccionará tres das materias que se expoñen a continuación e desenvolverá por escrito unha cuestión entre catro que se propoñan, para cada unha das tres elixidas.

Lingua e literatura españolas, lingua galega, lingua estranxeira (opción de inglés ou francés), matemáticas, física e química e historia.

Segunda parte:

Primeiro exercicio: das 16.00 ás 20.00 horas.

Segundo exercicio: das 20.00 ás 21.00 horas.

3. Calquera posible variación sobre este calendario requirirá autorización expresa da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

Cuarto.-*Órganos competentes para resolver a admisión do alumnado.*

1. Tal e como se establece no artigo 7 da Orde do 6 de marzo de 2008, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional de Innovación Educativa designará un tribunal formado por un presidente e catro vogais, así como outros asesores sen función cualificadora, que será o órgano competente para resolver sobre a admisión do alumnado, tal como queda recollido no anexo IV desta resolución.

2. Unha vez concluído o proceso de admisión, cada tribunal publicará a listaxe de persoas admitidas e non admitidas, en orde decrecente segundo a puntuación asignada. As escolas de arte e superiores de deseño farán pública a listaxe o día 18 de setembro, e remitiráselle á comisión autonómica a relación do alumnado que non obtivo praza na escola e solicitaba ademais outras escolas. Contra esta resolución, as persoas interesadas poderán presentar reclamación segundo se establece no capítulo sexto desta resolución.

3. As escolas comunicaranlle o día 18 de setembro á comisión autonómica de escolarización o número de persoas admitidas e o número de prazas vacantes en cada especialidade. Tamén lle remitirán a relación de todas aquelas persoas que non obtivesen praza na escola.

Quinto.-*Proceso de matrícula.*

1. O alumnado que obteña praza, adxudicada por resolución dos tribunais, deberá formalizar a súa matrícula entre o día 21 e o día 25 de setembro. Os centros facilitaranlles ás persoas interesadas o modelo que se xunta como anexo I a esta resolución. Unha vez cuberto, entregarase unha única instancia na secretaría do centro, que se xuntará á documentación presentada. A non formalización de matrícula no prazo estipulado, salvo causas debidamente xustificadas, implicará a perda do dereito a acceder a estas ensinanzas no curso 2009-2010.

2. A comisión autonómica de escolarización resolverá a adxudicación das prazas vacantes aos solicitantes que non obtiveron praza. Da resolución definitiva das prazas farase a correspondente publicación nas escolas de arte e superiores de deseño o día 21 de setembro. Os admitidos segundo esta resolución terán de prazo para matricularse desde a data da publicación ata o 25 de setembro.

3. Para cada especialidade constituirase, con carácter xeral, un único grupo de alumnos por escola. O número de prazas por cada grupo será de 30 alumnos. Calquera modificación deste número requirirá autorización previa e expresa da xefatura do departamento territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Sexto.-*Reclamacións e recursos.*

1. Contra as resolucións dos tribunais, da comisión autonómica de escolarización ou da inspección educativa, se é o caso, as persoas interesadas poderán presentar reclamación no prazo de cinco días hábiles, contados a partir da data da súa publicación, ante o órgano que as ditou, que deberá resolver no prazo máximo de cinco días hábiles.

2. Contra as resolucións das reclamacións emitidas polos tribunais ou pola inspección educativa, a persoa interesada poderá interpoñer recurso de alzada no prazo dun mes ante a xefatura do departamento territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no ámbito provincial correspondente en que se ditou a resolución recorrida. A resolución deste recurso porá fin á vía administrativa.

3. Contra as resolucións das reclamacións emitidas pola comisión autonómica de escolarización, a persoa interesada poderá interpoñer recurso de alzada no prazo dun mes ante a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa ou, no caso previsto no artigo 8.4º da Orde do 6 de marzo de 2008, ante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria. A resolución deste recurso porá fin á vía administrativa.

4. Contra a resolución do recurso de alzada as persoas interesadas poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2009.

José Luis Mira Lema
Director xeral de Educación, Formación Profesional
e Innovación Educativa

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*ANEXO I*

| PROCEDEMENTO | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO | DOCUMENTO |
|---|---|---|
| ***SOLICITUDE DE ADMISIÓN AOS ESTUDOS SUPERIORES DE DESEÑO*** | ***ED312E*** | ***SOLICITUDE*** |

## DATOS PERSOAIS DO/A SOLICITANTE

| PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NOME | NIF |
|---|---|---|---|
| | | | |

| DATA DE NACEMENTO | SEXO | DOMICILIO (RÚA, NÚMERO E PISO) |
|---|---|---|
| | ☐ HOME ☐ MULLER | |

| PROVINCIA | CONCELLO |
|---|---|
| | |

| LOCALIDADE | CÓDIGO POSTAL | TELÉFONO |
|---|---|---|
| | | |

EXPÓN: que cumpre o requisito de acceso (marque cun X a opción correspondente)

-Directo:
- ☐ 1.-Técnico superior en artes plásticas e deseño.
- ☐ 2.-Técnico superior de formación profesional específica.

-Mediante proba:
- ☐ 3.-Proba de acceso específica.
- ☐ 4.-Proba de madureza e proba de acceso específica.

Xunta a seguinte documentación acreditativa (fotocopia cotexada)
- ☐ DNI ou partida de nacemento (todos os casos)
- ☐ Título (casos 1 e 2 do acceso)
- ☐ Certificación académica en que conste o depósito do título (casos 1 e 2 do acceso)
- ☐ Título de bacharelato LOXSE (caso 3 do acceso)
- ☐ Certificado de ter superada a proba de madureza (caso 4 do acceso)

SOLICITA: ser admitido/a para o curso escolar ____ / ____ como alumno/a para cursar, por orde de preferencia, os estudos seguintes (1):

| *CENTRO EDUCATIVO* | *ESTUDO SUPERIOR DE DESEÑO* | *LOCALIDADE (provincia)* |
|---|---|---|
| | | |
| | | |
| | | |

(1) A posta en funcionamento destes estudos estará condicionada á existencia dun mínimo de 10 alumnos/as, non cuantificándose para estes efectos o alumnado repetidor

Quen abaixo asina DECLARA QUE:
lle presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

LEXISLACIÓN APLICABLE
*- Decreto 233/2005, do 14 de xullo, polo que se establece o currículo dos estudos superiores de deseño e se regula o acceso ás ditas ensinanzas.*
*- Orde do 6 de marzo de 2008 pola que se regula o acceso e a admisión ás ensinanzas superiores de deseño*
*- Resolución do 1 de xuño de 2009, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o acceso e a admisión do alumnado aos estudos superiores de deseño para o curso 2009-2010.*

SINATURA DO/A SOLICITANTE

*Lugar e data*

______________, de ______________ de ________

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE
______________

DATA DE ENTRADA
____/____/______

DATA DE EFECTOS
____/____/______

DATA DE SAÍDA
____/____/______

*Director/a do centro* ______________________________

Denominación do centro en que presenta a solicitude de admisión (o elixido en 1ª opción)

*ANEXO II*

I. Proba de madureza.

O aspirante deberá demostrar que posúe os coñecementos propios da etapa educativa precedente. A avaliación de cada un dos exercicios expresarase en termos de cualificacións, utilizando para iso a escala numérica do un ao dez, sen decimais. A superación desta proba, que terá carácter eliminatorio para os efectos de participación na proba específica, requirirá que a nota media da totalidade dos exercicios sexa, polo menos, de cinco.

A cualificación global da proba de acceso para maiores de dezanove anos resultará da media aritmética das cualificacións obtidas nas dúas partes de que se compón: proba de madureza e proba específica. Sen prexuízo da observancia do procedemento para o cálculo da cualificación da proba específica que se establece no anexo III desta resolución.

A proba de madureza constará de dous exercicios:

a) Primeiro exercicio.

Desenvolvemento por escrito, durante o tempo máximo dunha hora, das cuestións que se formulen a partir dun texto escrito.

Neste exercicio valorarase tanto a madureza e o nivel de coñecementos referidos aos coñecementos propios da etapa educativa precedente canto a comprensión de conceptos, a utilización da linguaxe e a capacidade de análise e síntese.

b) Segundo exercicio.

Desenvolvemento por escrito, durante o tempo máximo de dúas horas, das cuestións que se formulen a partir dunha conferencia impartida por un membro do tribunal.

Neste exercicio valorarase tanto a madureza e o nivel de coñecementos referidos aos coñecementos propios da etapa educativa precedente como a compresión de conceptos, a utilización da linguaxe e a capacidade de análise e síntese.

*ANEXO III*

II. Proba específica.

A proba específica constará de dúas partes. A cualificación da primeira parte expresarase en termos numéricos, utilizando para iso a escala do un ao dez con dous decimais. Cumprirá obter unha cualificación igual ou superior a cinco para a súa superación.

Así mesmo, a cualificación da segunda parte, que será única, expresarase en termos numéricos, utilizando para iso a escala do un ao dez con dous decimais. Cumprirá obter unha cualificación igual ou superior a cinco para a súa superación.

A cualificación final da proba de acceso, que se calculará só se superou cada unha das dúas partes, resultará da media ponderada das cualificacións obtidas nos dous exercicios superados, valorándose o primeiro exercicio nun 40 por cento e o segundo nun 60 por cento. A dita cualificación final expresarase en termos numéricos, utilizando para iso a escala do un ao dez con dous decimais.

a) Primeira parte.

Versará sobre as seguintes materias: lingua e literatura galegas, lingua e literatura españolas, lingua estranxeira (opción de inglés ou francés), matemáticas, física e química e historia. Os contidos e os niveis das probas referiranse ás materias de bacharelato sinaladas anteriormente. Cada aspirante seleccionará tres das devanditas materias e desenvolverá por escrito unha cuestión entre catro que se propoñan, para cada unha das tres elixidas. O tempo máximo para contestar cada unha das materias será de sesenta minutos. Valoraranse tanto os coñecementos do nivel educativo precedente como o grao de madureza en canto á comprensión dos conceptos, a utilización da linguaxe e a capacidade de análise e síntese.

b) Segunda parte.

A segunda parte constará de dous exercicios:

-Primeiro exercicio: terá unha duración de catro horas e consistirá na realización dun exercicio de representación dun modelo tridimensional mediante a aplicación de técnicas e de linguaxes propias do debuxo artístico, e a representación do mesmo modelo nun sistema de representación técnica.

Neste exercicio, valorarase a fidelidade, tanto artística como técnica, da representación, así como as aptitudes creativas, as habilidades, as destrezas, a sensibilidade artística demostrada na realización do exercicio, os coñecementos, a comprensión técnica, a capacidade para crear e resolver problemas, a calidade e precisión no acabado do traballo e a correcta utilización das técnicas empregadas.

-Segundo exercicio: terá unha duración dunha hora e consistirá na realización dun exercicio compositivo en cor realizado con técnica libre, baseado na libre interpretación do modelo proposto.

A segunda parte, cunha duración dunha hora, consistirá na realización dun exercicio compositivo en cor realizado con técnica libre, baseado na libre interpretación do modelo proposto.

Neste exercicio valoraranse as aptitudes creativas, as habilidades, as destrezas, a imaxinación e a sensibilidade artística demostrada na realización do exercicio, os coñecementos, a capacidade para crear e resolver problemas compositivos, a calidade estética e a precisión no acabado do traballo, así como a correcta selección e utilización das técnicas e os procedementos artísticos empregados.

*ANEXO IV*

**Composición dos tribunais para resolver sobre a admisión nos estudos superiores de deseño**

I. Escola de Arte e Superior de Deseño Pablo Picasso da Coruña.

| Tribunal titular | | Tribunal suplente | |
|---|---|---|---|
| Presidente | Gonzalo Porral Mato | Presidente | Nicolás López Ciprián |
| Vogal 1º | Mario Emilio García Herradón | Vogal 1º | Ana González Orrio |
| Vogal 2º | Javier López Vila | Vogal 2º | Diego Carracedo Constenla |
| Vogal 3º | José Ramón Fernández Sánchez | Vogal 3º | José Antonio Santiso Barros |
| Vogal 4º | Milagros Sánchez Landeira | Vogal 4º | José Juan Díaz Vieites |

II. Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo de Santiago.

| Tribunal titular | | Tribunal suplente | |
|---|---|---|---|
| Presidente | Santiago Riande Torres | Presidente | Jesús Villar Quintás |
| Vogal 1º | Ángel Lázaro Sastre | Vogal 1º | Alberto Urrutia Salgado |
| Vogal 2º | Marcos Vilariño Cabezas | Vogal 2º | Jorge López Lafuente |
| Vogal 3º | Remedios Barreira González | Vogal 3º | Mª Carmen Pastoriza Gómez |
| Vogal 4º | Ana Rego SanMartín | Vogal 4º | María Fernández González |

III. Escola de Arte e Superior de Deseño Ramón Falcón de Lugo.

| Tribunal titular | | Tribunal suplente | |
|---|---|---|---|
| Presidente | Cristóbal Novoa González | Presidenta | Aida Fernández Carreira |
| Vogal 1º | Salvador Guinart Rovira | Vogal 1º | Mª Dolores de las Cuevas Revilla |
| Vogal 2º | Antonio Gandoy Vázquez | Vogal 2º | Ramón Irazu Riveira |
| Vogal 3º | Mª Ángeles Castro Dapena | Vogal 3º | Ana Luísa Castro Dapena |
| Vogal | Celia Castro Fernández | Vogal 4º | María Vázquez López |

IV. Escola de Arte e Superior de Deseño Antonio Faílde de Ourense.

| Tribunal titular | | Tribunal suplente | |
|---|---|---|---|
| Presidente | César Taboada Varela | Presidente | Néstor Martín Gulías |
| Vogal 1º | Manuel Seoane Feijoo | Vogal 1º | M. Ángel Mantilla González |
| Vogal 2º | Fco. Javier Rodríguez López | Vogal 2º | Mª Dolores Luz Peláez Rivero |
| Vogal 3º | José Manuel Taboada Beato | Vogal 3º | Mónica P. Arnoso Calvo |
| Vogal 4º | Elena Iglesias Rodríguez | Vogal 4º | Mª José González García |

*Resolución do 2 de xuño de 2009, da Dirección Xeral de Ordenación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se convocan probas de acceso ás ensinanzas deportivas para o curso 2009-2010.*

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no seu artigo 3, integra as ensinanzas deportivas dentro do sistema educativo como ensinanzas de réxime especial. Así mesmo, no capítulo VIII do título I fixa os principios xerais que as rexerán e atribúelles ás administracións educativas o establecemento do currículo das distintas ensinanzas do cal formarán parte os aspectos básicos fixados polo Goberno.

O Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro, polo que se establece a ordenación xeral das ensinanzas deportivas de réxime especial, preceptúa nas súas disposicións transitorias segunda e terceira a vixencia temporal das ensinanzas establecidas ao abeiro do Real decreto 1913/1997, do 19 de decembro, e das normas de desenvolvemento das ensinanzas deportivas previstas no Real decreto 1913/1997, agás nos aspectos que nesas disposicións transitorias se indican e, concretamente, a vixencia, entre outras, da Orde ECD/3310/2002, do 16 de decembro, e da Orde ECD/454/2002, do 22 de febreiro.

A Orde do 24 de marzo de 2003, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, regula no ámbito de Galicia as probas de madureza e as de carácter específico para acceder ás ensinanzas deportivas conducentes ás titulacións establecidas polo Real decreto 1913/1997, así como á formación deportiva prevista na Orde ECD/3310/2002, e nela autorízase a dirección xeral competente en materia de ensinanzas especiais para coordinar as probas e criterios de avaliación, así como para ditar as instrucións necesarias para o desenvolvemento e aplicación do previsto nesa orde.

Por todo o exposto, esta dirección xeral resolve convocar as probas de acceso ás ensinanzas deportivas para o curso 2009-2010, que se rexerán polas seguintes instrucións:

I. Modalidades de acceso.

1. Acceso ás ensinanzas deportivas de grao medio.

Terá acceso ao grao medio das ensinanzas deportivas o alumnado que cumpra calquera dos seguintes requisitos:

a) Dispor do título de graduado en educación secundaria, ou equivalente para os efectos académicos, e superar unha proba específica. Para o acceso ao segundo nivel de grao medio, ter superados os estudos do primeiro nivel na correspondente modalidade ou especialidade deportiva.

b) O alumnado que non dispoña do título de graduado en educación secundaria, ou equivalente para os efectos académicos, deberá ter 17 anos e superar a proba de madureza que se establece no anexo III desta resolución, ademais da correspondente proba específica.

c) A proba de madureza poderase substituír pola proba de acceso a ciclos formativos de grao medio de formación profesional ou de artes plásticas e deseño, ou a de acceso á universidade para maiores de 25 anos.

2. Acceso ás ensinanzas deportivas de grao superior.

Terá acceso ao grao superior das ensinanzas deportivas o alumnado que cumpra os seguintes requisitos:

a) Dispor do título de técnico deportivo na modalidade ou especialidade deportiva correspondente, ter o título de bacharel, ou equivalente para os efectos académicos, e cumprir cos requisitos relativos á experiencia deportiva que se puidesen establecer na especialidade ou modalidade correspondente.

b) O alumnado que non posúa o título de bacharel, ou equivalente para os efectos académicos, deberá